

Non era fácil a tarefa de Rivas. Logo da solidez narrativa dun texto como *Os libros arden mal*, non se esperaba do coruñés nada que non mantivese a altura. E cómpre recoñecer que *Todo é silencio* non defrauda.

Instalado nunha singularísima sorte de western negro, mestura na súa trama, e na óptica do relatado, a epopea dos cowboys solitarios e a crónica dos ambientes delituosos para debuxar unha xenuína radiografía desa Galicia paralela na que impereu a omnipresente batea narcotraficante.

Olo, é certo que *Todo é silencio* ten como escusa argumental o mundo do tráfico de drogas nas nosas costas. Mais ese non é o tema último da novela. Moita máis importancia que a que poida presentar o enredo de descargas ilegais e persecucións policiais –ao que non hai que lle restar mérito, pois consegue crear un atractivo fío de acción que mantén atento o lector– ten na novela a reflexión que, a través das complexas circunstan-

A mallante Rivas

Unha xeografía de paixóns

ARMANDO REQUEIXO


cias dos personaxes, se formula a propósito das relacións de Poder, dos móbiles e resortes que o activan, o regulan e o transfiren, das escenas maquinacións que o perpetúan ou aniquilan, das inocencias corrompidas que no camiño deixa e as cobizas desmedidas das que se nutre.

As páxinas deste libro (cinematográfico coma poucos, ata o punto de que os seus –por veces– ben breves

capítulos semellan planos secuencia) vense animadas coas pulsións máis básicas e instintivas do ser humano. Ese xogo coa arxila do amor, das relacións paterno-filiais, da admiración aos pseudoheroes da veciñanza e mundo próximo, dos odios e rancores aos maiores que nos instigaron e/ou defraudaron, en fin, a todo aquilo que, dende a nosa infancia e mocidade nos determina como futuros adultos comparece, como non, perfectamente acentuado nesta novela.

Ten *Todo é silencio* moito de *Mystic River*. O regreso en ambos dun adulto ao mundo no que foi rapaz para, dende a condición policial, tentar restablecer o reequilibrio dese universo da in-

Na novela, a reflexión ten máis peso que o enredo do narcotráfico



título ata o Puzo de *The Godfather*, do que o Mariscal de Rivas semella ser unha reformulación enxebriante e tranqueira con altas doses de autoparodia.

O resto é Rivas en estado puro: personaxes construídos cos adobios sentimentais necesarios para empatizar co lector, ao que cómpre render emotivamente; simbolismos e metaforizacións de efectismo contrastado, que balizan acadamente a arañeira diexética na que se vai tecendo o interactuar deses personaxes; e unha prosa de sotaque poético, marca da casa, onde todo foi labrado para marabilla e admiración dos que nunca len ao –magnífico– Rivas poeta e só ven polos ollos deste seu reflexo especular.

Na mallante do corazón, loitando co reverso escuro dos ácidos do Poder, fálanos todo o *silencio mudo* de Rivas, unha xeografía das paixóns e o Tempo que nos alegoriza.

RIVAS, Manuel, Todo é silencio, Ed. Xerais, Vigo, 2010, PVP 17,50 €

ciencia primeira que esfarelou é razón que os irmanda. Mais as planas de Rivas teñen tamén moito que ver con outros predios, dende a Rosalía do